Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que só se presentou e admitiu no lote 3 “MOTOCICLETAS” un único licitador, GRUPO ELGONSA VIGO, S.L., e este non presentou o sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, incorrendo na causa de exclusión prevista na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares “*a falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC*”, procede declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

- Declarar deserto o lote 3 “MOTOCICLETAS” do procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) por terse presentado un único licitador e resultar excluído pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

7(25).-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2018”. EXPTE. 19872/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/01/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de xaneiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	99 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.102,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., o día 13 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 22 de decembro, dentro do prazo concedido (agás aquela documentación que xa consta



Concello de Vigo

en poder deste Concello no expediente 18.373-332). O 4 de xaneiro de 2018 achegan para os efectos de emendar a solvencia técnica acreditada na documentación do 22 de decembro, un certificado de servizos similares ao do obxecto do contrato.

Incorpórase ao expediente un informe do Servizo de Educación de data 8 de xaneiro de 2018 sobre contratos similares prestados por NEW LINK EDUCATION, S.L. por importe superior ao acreditado pola empresa.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou que non quedaba acreditada a solvencia técnica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), xa que nos certificados achegados pola empresa non consta que os servizos do ano 2017 (ano de máxima execución) se teñen executado antes do fin do prazo de presentación de ofertas segundo esixe a cláusula 8.4.2.

En base ao anterior, e ao abeiro do disposto no punto 1.9.1.3.1. da *Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación dalgúns preceptos do Texto refundido da Lei de contratos do sector público tras a súa modificación realizada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización*, a Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 concedeu un prazo de 5 días hábiles a NEW LINK EDUCATION, S.L. para que puidese emendar a documentación acreditativa da solvencia técnica de acordo coas esixencias previstas no prego.

O citado licitador presentou a documentación solicitada dentro do prazo concedido. A Mesa de Contratación na sesión do 12 de xaneiro de 2018 revisou a citada documentación, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEW LINK EDUCATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEW LINK EDUCATION, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e do acordo adoptado pola Mesa na sesión do 14 e 23 de novembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 1.704.465,00 euros, sendo o prezo unitario por alumno de 2.319,00 euros.*
- b) *Propón un incremento de 15 alumnos a maiores dos 735 contemplados no punto 4.1 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas particulares (PPT).*
- c) *Propón un incremento de 6 monitores/as por enriba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do PPT.*
- d) *Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas (MCER) do 100%*
- e) *Comprométese a achegar as seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento da lingua inglesa:*
 - *Propón un incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento en lingua inglesa a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.*
 - *Propón unha redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(26).-NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA, PARA O ANO 2018. EXPTE. 21661/332.

Visto o documento económico emitido con data 9/01/18, dáse conta do informe-proposta do 18/12/17, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira delegada de Educación e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os municipios exercerán como competencia propia nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia de “conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, segundo se recolle no art. 25.2, apartado n)”, da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local. A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), establece o Consello Escolar no seu Capítulo III “Órganos Colexiados de goberno y de coordinación docente de los centros públicos”, artigos 126 e 127; que se modifica nos artigos 79 e 80 da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Consonte á normativa legal vixente, o Consello Escolar de Centro defínese como o órgano de participación da comunidade escolar, ademais de constituír a canle para o control e a xestión dos fondos públicos. A participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades das nais e pais, do profesorado e alumnado.

Os Concellos, como organismos que teñen responsabilidades legais no mantemento dos colexios públicos e que colaboran coa Administración responsable na común tarefa de educar, teñen un representante municipal nos Consellos Escolares dos centros de ensino público. Estes representantes municipais nos consellos escolares de centros, desempeñarán as atribucións que están establecidas no artigo 80 da LOMCE e nos Decretos que serán desenvolvidos con posterioridade. Como funcións específicas dos representantes municipais cabe salientar as seguintes:

1. Achegar os recursos ubicados no Municipio á escola, para levar á práctica o principio de interacción escola-medio.
2. Levar a realidade da escola, as súas necesidades e propostas ao Concello, e si fora preciso trasladala a outras institucións ou áreas da Administración Pública.
3. Velar pola neutralidade dos centros públicos e porque se respeten e cumpran os dereitos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, especialmente os que recollen os artigos 14, 16, 20 e 27 da Constitución, da LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE e dos Decretos que serán desenvolvidos con posterioridade..
4. Canalizar os procesos de admisión de alumnado de acordo coa planificación xeral que se realice pola Administración Educativa.
5. Canalizar a información e propostas sobre prestación de servizos complementarios como os comedores escolares, transporte ou becas.

6. Plantexar ao Consello Escolar, que con criterios pedagóxicos se programen actividades orientadas a facer dos centros lugares axeitados para unha acción educativa.
7. Por especial atención ao seguimento do Plan de Centro.
8. Velar para que se cumpra a LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE, e especialmente acadar que a escolarización obrigatoria e gratuíta se faga compensando as desigualdades.
9. Comprobar que o destino dos recursos económicos que reciben do Concello os colexios públicos de educación infantil e primaria ,é o que está previsto no expediente de financiamento municipal de autoxestión correspondente, destinado as tarefas de mantemento preventivo e ordinario.

Con estas funcións específicas, e seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, a proposta xeral do Servizo de Educación do Concello de Vigo é que o persoal nomeado para este cometido sexan funcionarios e funcionarias adscritos ao servizo de Educación, Benestar Social, Xuventude e Admon. de Tributos polo seu coñecemento na xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar dende estos Servizos municipais intervencións de apoio ao ensino.

Por outra banda, se facilitan así as xuntanzas de coordinación e intercambio de información referente ás actuacións municipais no eido do ensino, que obrigatoriamente deberán manter os/as representantes municipais co obxecto que o desenvolvemento deste programa sexa eficaz para acadar unha axeitada interacción Concello-Escola.

A efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2018. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2018, serán aplicados como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3230.233.00.00 "Dietas de asistencia a Consellos Escolares" do presuposto de 2018, quedando esta contía supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente nese exercizo orzamentario futuro.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018.

ZONA 1.

PEDRO Mª VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 11.904.805-M) Pertenece ao Grupo A2

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.



Concello de Vigo

2. CEIP Illas Cíes.
3. CEIP Escultor Acuña.
4. CEIP Seis do Nadal.
5. CEIP Pintor Laxeiro.
6. IES Alexandre Bóveda.
7. IES Alvaro Cunqueiro.
8. Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)

ZONA 2.

MARÍA JOSÉ LOUREIRO BADA (NIF 36.080.259-K) Pertenece ao Grupo A1

1. CEP Santa Tegra.
2. CEIP Vicente Risco.
3. CEIP García Barbón.
4. CEIP Lope de Vega.
5. CEIP Sárdoma Moledo.

ZONA 3.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N) Pertenece ao Grupo C1

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
6. Escola Infantil Municipal Bouzas.
7. Escola Infantil Municipal Mestres Goldar.
8. Escola Infantil Municipal Navia.
9. CEP Doutor Fléming.
10. EEI Villalaura.

ZONA 4.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF 36.046.809-J) Pertenece ao Grupo A1

1. CEIP Candeán Fonteescura.
2. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
3. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
4. CEIP Navia A. R. Castelao.
5. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
6. IES Sta. Irene.
7. IES Sto. Tomé de Freixeiro.
8. Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

ZONA 5

PILAR CARNEIRO MINIÑO (NIF 76.986.963-Y) Pertenece ao grupo A1

1. CEIP Coruxo-Carrasqueira.
2. IES Coruxo Carrasqueira.
3. CEIP A Paz-Tintureira.
4. CEIP Ría de Vigo.
5. IES Valadares.

ZONA 6

ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ (NIF 36.058.643-W) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Frián- Teis.
2. CEIP Paraixal.
3. EPA Berbés.
4. IES ROU (Rosais I).
5. IES Rosais 2.

ZONA 7

ANGELES LANDIN LORENZO (NIF 36.091.654-P) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Eduardo Pondal.
2. CEIP O Pombal.
3. E.E.I Rúa Aragón
4. E.E.I. Palencia.
5. E.E.I Hernán Cortés.
6. CEIP Balaidos.

ZONA 8

MARIA JOSÉ FARALDO RIVAS (NIF: 36.056.377-J) Pertenece a grupo C2

1. E.E.I. Cristo da Victoria.
2. E.E.I. Monte da Guía.
3. CEIP Canicouva- Pereiró.
4. CEP Celso Emilio Ferreiro.
5. CEIP Ramón y Cajal.

ZONA 9

MARIA JESÚS SANROMAN VARELA (NIF: 36.018.668-R) Pertenece a grupo A2

1. CEIP San Salvador (Teis).
2. CEIP Josefa Alonso.
3. CEIP Otero Pedraio.
4. IES Teis.
5. IES A Guía.
6. IES Beade.

ZONA 10

MARIA RITA RIELO FRANCO (NIF: 36.067.074-S) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Mosteiro-Bembrive.
2. CEIP Chans-Bembrive.
3. CEIP Santa Mariña – Cabral.
4. CEIP Cabral Sello.
5. CEE Saladino Cortizo.

ZONA 11

YOLANDA FAJIN TORRES (NIF: 33.297.554-V) Pertenece a grupo A2

1. CEIP A Doblada.



Concello de Vigo

2. CEIP Valle Inclán.
3. CEIP Carballal (Cabral).
4. IES Castelao.
5. IES Carlos Casares.
6. IES Ricardo Mella.

ZONA 12

ESTELA ROSENDE VILLAR (NIF 36.069.110-G) Pertenece a grupo A2

1. CEIP Igrexa-Valadares.
2. CEIP Sobreira-Valadares.
3. CEIP Coutada-Beadé.
4. EEI Monte do Alba.
5. EEI Zamáns.
6. E.E.I. Valadares.

ZONA 13

MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA (NIF 36.035.364-E) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Candeán Igrexa.
2. CEIP Altamar.
3. CEIP Mestres Goldar.
4. IES O Castro.
5. IES Politécnico.

Segundo:- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2018.

A previsión do gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de 12.000.-€, con cargo á partida 3230.233.00.00 do presuposto de 2018, quedando esta contía supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nese exercizo orzamentario futuro.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocará, cando menos, mensualmente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(27).-RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE EDUCACIÓN NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 18809/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 9/01/18, asinado pola xefa do Servizo de Educación e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2017, a concelleira-delegada de Educación, D^a Olga Alonso Suárez, da conta á Xunta de goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Educación no segundo semestre de 2017, e que son os que deseguido se relacionan.

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE €
19854-332	INSPECCIÓN PERIÓDICAS DE ASCENSORES COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO	06-07-2017	786,50.-
19855-332	REPARACIÓN ASCENSOR NO CEIP JOSEFA ALONSO EN MATAMÁ DE VIGO	21-07-2017	345,46.-
19856-332	REPARACIÓN ASCENSOR NO CEIP DE COUTADA BEADE DE VIGO	24-07-2017	2.265,98.-
18533-332	GASTOS DE REPARACIÓN DE MAQUINARIA	14-12-2017	11.500.-
20030-332	LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS EN COLEXIOS E ESCOLAS MUNICIPAIS SERVIZOS PARA TRANSPORTES ESCOLARES	19-10-2017	15.000.-
21551-332	SERVIZOS PARA TRANSPORTES ESCOLARES	07-11-2017	4.968.-
18543-332	MANTEMENTO ANUAL DE SISTEMAS DE DETECCIÓN DE INCENDIOS EN CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS	07-12-2017	3.788.-
19982-332	REPARACIÓN URXENTE DE PILARES NO CEIP CABRAL SELLO	23-10-2017	6.322,25.-
19993-332	EXECUCIÓN DE REDE DE RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS NO PATIO DO C.E.I.P. CALVARIO - DOBLADA	21-11-2017	17.209,83.-
19994-332	RECONSTRUCCIÓN PARCIAL DO MURO DE PECHE DO CEIP CANDEÁN IGREXA	01-11-2017	12.317,80.-
19998-332	PADQUISICIÓN PLACA DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ATALAIA-TEIS	25-10-2017	324.-
20017-332	REPARACIÓN DE MURO DE PECHE DA E.I.M. NAVIA	20-10-2017	3.611,85.-
21574-332	REPARACIÓN DE PORTAS DE ALUMINIO DE ENTRADA NO CEIP A.R. CASTELAO DE NAVIA	15-11-2017	3.436,40.-
21605-332	SERV. MANTEMENTO ELECTRICO EN DETERMINADOS CENTROS PÚBLICOS	01-12-2017	10,763.-
21607-332	APEO URXENTE DE PALMEIRA AFECTADA POLO PICUDO VERMELLO NO C.E.I.P. BALAIDOS	16/12/2017	1.621,40.-
21617-332	REPARACIÓN DE AVARÍAS ELÉCTRICAS E MANTEMENTO ELÉCTRICO EN DIVERSOS CENTROS PÚBLICOS	05-12-2017	7.798,58.-



Concello de Vigo

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE €
21622-332	PEQUENAS OBRAS DE REPARACIÓN NO CEIP JOSEFA ALONSO, EEI VILLALaura Y EEI HERNÁN CORTÉS	13-12-2017	2.492,60.-
21623-332	PEQUENAS OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO EN DISTINTOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS	13-12-2017	2.421,21.-
21653-332	REPARACIÓNS ALUMEADO E ENCHUFES NA E.M. TEATRO E CEIP OTERO PEDRAYO, SEIS DO NADAL, EEII HERNAN CORTES, CASCO VELLO E CASIANO MTNEZ.	16-12-2017	2,947.67.-

EXPTES	ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS	DATA	IMPORTE
272-613	SERVIZOS PARA PROXECTO E COMISARIADO DA EXPOSICIÓN "130 ANOS DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS DE VIGO"	11-07-2017	1.800.-
279-613	SEGURO ALUMNADO CURSOS DE VERÁN NA EMAO XULLO 2017	06-07-2017	500.-
282-613	C.M. DE ADQUISICIÓN DE UN MONITOR CCT	29-06-2017	384,36.-
311-613	SEGURO ACCIDENTES ALUMNADO CURSO 2017-2018	26-09-2017	2.721,90.-
349-613	ADQUISICIÓN MOBILIARIO AULAS E TALLERES (MESAS ESPECIALIDADE ARTESANÍA COIRO)	01-11-2017	1.749,81.-
367-613	SERVIZOS PARA INSPECCIÓN PERIÓDICA ASCENSOR EMAO	20-11-2017	70,48-

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(28).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO. EXPTE. 350/613.

Visto o informe xurídico do 10/01/18 e o informe de fiscalización do 12/01/18, dáse conta do informe-proposta do 11/01/18, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Mediante Resolución de inicio de expediente de 23 de novembro de 2017, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

No expediente administrativo consta a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira de Educación de 23/11/17 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola xefa do Servizo de Educación en data 22/11/17.
- Memoria xustificativa de data 05/12/17, redactada pola xefa do Servizo de Educación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 04/12/17 redactado pola xefa do Servizo de Educación.
- Informe de data 14/12/17 da xefa do servizo de Contratación, sobre a conformidade da revisión da documentación incluída no expediente e esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.
- Dilixencia da Xefa de Educación de 02/12/2017 corrixindo erro na Memoria.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PACP) de data 09/01/2018 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.
- Informe da Asesoría xurídica de 10/01/2018.
- Informe-proposta de data 10/01/2018 de aprobación do expediente de contratación do Servizo de Educación.
- As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: contratación dos servizos de limpeza da “Escola Municipal de Artes e Oficios” así como, do mantemento correctivo e preventivo das súas edificacións e instalacións.

Duración: Dous (4) anos, contemplándose dúas (2) prórrogas de 1 ano cada unha.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 170.080,41 €

O orzamento base de licitación –562.249,29 €, o IVE a soportar pola Administración -118.072,35 €- o orzamento total – 680.321,64 €.

Aplicación orzamentaria: 3261.22.700.00 “Gastos limpeza instalacións”

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSF). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSF deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



Concello de Vigo

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares de 04/12/17 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 09/01/2018 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 680.321,64 euros ive incluído (115.963,92.-€ na anualidade de 2018; 170.080,41.-€ na anualidade de 2019; 170.080,41 na anualidade de 2020; 170.080,41 na anualidade de 2021 e 54.116,49 € na anualidade de 2022) para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3261.22.700.00 "Gastos limpeza instalacións". O valor estimado do contrato estipulase en 843.373,94 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(29).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS "SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPRENDAMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO"- 2018. EXPTE. 14723/77.

Visto o informe de fiscalización do 10/01/18, dáse conta do informe-proposta do 12/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Emprego, o concelleiro-delegado da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º) Con data 14/12/2017 dende o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego elevouse informe-proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita con carácter previo á adopción do acordo (expte. 14.732/77).

2º) Con data 10/01/2018 a Intervención Xeral Municipal devolve o expediente concluíndo que: *"A teor do contido, o seu obxecto, finalidade, tramitación e órgano proposto para a súa aprobación, a fiscalización é de conformidade, sempre que con anterioridade ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local:*

No Informe-Proposta se elimine a tramitación anticipada, xa que ao iniciarse o expediente no ano 2017, tramitouse inicialmente como anticipado de gasto, ao retrasarse a súa tramitación por mor das operacións de peche do exercicio orzamentario de 2017 e comenzo o exercicio 2018 decae este tipo de tramitación".

Xa que logo, procédese á eliminación da tramitación anticipada para a remisión á Xunta de Goberno de Goberno Local do seguinte:

INFORME- PROPOSTA

I. Obxecto da subvención:

Esta convocatoria de subvencións ten por obxecto a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a autónomos e micropemes, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (*espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)*) dende o 01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LR-BRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, dacordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndolas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.



Concello de Vigo

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarios/as:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas autónomas e micropemes¹, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

IV. Finalidade:

Están dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en entornas colaborativas ofertadas por terceiros na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custes de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

A finalidade que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación dos proxectos empresariais das persoas emprendedoras e das micropemes, en particular:

- Facilitar a consolidación de proxectos de emprendemento empresarial.
- Fomentar o uso de entornas colaborativas (*espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)*) na cidade, cara á redución de custes e á eficiencia empresarial.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos empresariais e autónomos en entornas colaborativas.
- Facilitar os inicios ás persoas emprendedoras e ás micropemes, cunha axuda económica destinada ao aluguer de espazos para o desenvolvemento da súa actividade en colaboración con outros profesionais, na mesma entorna.
- Fomentar o traballo empresarial en rede (*networking*), mediante o compartimento de espazos físicos con outros empresarios e persoas emprendedoras, establecer novas relacións, coñecer outros puntos de vista e crear novas sinerxias.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

VI. Normativa de aplicación:

¹ Empresa cunha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns de euros.

Dacordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, dacordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2018 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:**

- As persoas xurídicas
- Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.

Xa que logo, **os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo** <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes



Concello de Vigo

efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

Así mesmo e para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, ditos/as beneficiarios/as achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total destinada a estas subvencións é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2018.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe do aluguer subvencionado.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitiuse o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do Traballo Colaborativo" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

XI. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia e do artigo 127.1.g) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Empleo, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2018.



Concello de Vigo

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo” correspondentes ao ano 2018 e os modelos de formularios oficiais, que se achegan nos Anexos I a IX.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo (2018)” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (2018)

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIOS DAS SUBVENCIÓNS

Obxecto:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a autónomos e micropemes, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (*espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)*) dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018**.

Finalidade:

Están dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en entornas colaborativas ofertadas por terceiros na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custes de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación dos proxectos empresariais das persoas emprendedoras e das micropemes, en particular:

- Facilitar a consolidación de proxectos de emprendemento empresarial.
- Fomentar o uso de entornas colaborativas (*espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)*) na cidade, cara á redución de custes e á eficiencia empresarial.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos empresariais e autónomos en entornas colaborativas.
- Facilitar os inicios ás persoas emprendedoras e ás micropemes, cunha axuda económica destinada ao aluguer de espazos para o desenvolvemento da súa actividade en colaboración con outros profesionais, na mesma entorna.
- Fomentar o traballo empresarial en rede (*networking*), mediante o compartimento de espazos físicos con outros empresarios e persoas emprendedoras, establecer novas relacións, coñecer outros puntos de vista e crear novas sinerxias.

Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas autónomas e micropemes¹, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as persoas autónomas e micropemes, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede fiscal e social no termo municipal de Vigo.
2. Estar en situación de alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo. O/a interesado/a poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar os seus datos ante a Axencia Tributaria de Galicia, a Axencia Estatal Tributaria (AEAT) e ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS).
5. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
6. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
7. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

¹ Empresa con unha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns

de euros.



Concello de Vigo

8. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

Considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de **xaneiro e setembro, ámbolos dous inclusive**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as persoas autónomas e as micropemes, poidan cumprir os fins que lle son propios, e que teñan acomodo no obxecto da convocatoria:

- Custes de aluguer de espazos de traballo.
- Custes de aluguer de espazos para a realización de eventos empresariais.

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

O custe dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

BASE 4ª.- CONTÍA DAS AXUDAS E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Contía das axudas:

- Aluguer de espazos de traballo e para a realización de eventos empresariais:
 - 80% do importe total, cun máximo de 1.500,00 €

Crédito orzamentario:

- A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2018) é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 “Axudas á creación de empresas”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe do aluguer subvencionado.
- A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 5ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Os/as beneficiarios/as deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, xa que neste caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

BASE 6ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN OS/AS BENEFICIARIOS/AS

Os/as beneficiarios/as das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da convocatoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados asumindo as obrigas e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todos os lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o Anexo VIII aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todos/as aqueles/as que o soliciten. Así mesmo, na páxina web e/ou nas redes sociais, ata a finalización do ano 2018, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

BASE 8ª.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:**

- As persoas xurídicas
- Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.



Concello de Vigo

Xa que logo, **os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo** <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberánse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN

Os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica, achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

- a) **Anexo I “Solicitude”**: Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos do/a solicitante (achegarase copia da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil)
- datos do/a representante legal (achegarase poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade por quen asina a solicitude)
- endereço
- identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración responsable de non ter solicitado nin percibido outras axudas polo mesmo concepto de calquera outra administración ou entidade pública ou privada.

e) Anexo V: Declaración responsable de número de persoas empregadas.

f) Anexo VI: Autorización para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

g) Anexo VII: Declaración responsable de ser micropeme, só no caso de persoas xurídicas a efectos de facturación e de número de persoas traballadoras.

h) Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.

i) Tarxeta de identificación fiscal.

j) Contrato de aluguer entre o solicitante e a empresa de coworking.

k) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos do solicitante que consideren relevante, podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.



Concello de Vigo

Porén, o/a solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados os devanditos documentos, facendo constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada polo/a solicitante, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, dacordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

- | | |
|---|-----------------------|
| 1. Número de empregados: | Ata 10 puntos. |
| a) 1º Traballador/a: | 2 puntos |
| b) Por cada traballador/a máis: | 1 punto. |
| 2. Empregados/as menores de 30 anos | Ata 10 puntos. |
| Por cada traballador/a | 2 puntos. |
| 3. Calidade da xustificación en convocatoria anterior: | Ata 5 puntos. |
| a) Xustificación superior ao 85% | 5 puntos |
| b) Xustificación superior ao 50% e inferior ou igual ao 85% | 4 puntos |
| c) Xustificación superior ao 25% e inferior ou igual ao 50% | 2 puntos |
| d) Revogación ou renuncia | 0 puntos |
| 4. Antigüidade de constitución: | Ata 5 puntos. |
| a) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta no 2018 | 5 puntos |
| b) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta antes do 2018 | 2 puntos |

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados polo/a solicitante xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

BASE 11ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓNS

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de beneficiarios/as das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polos/as interesados/as, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando non sexa un/ha empresario/a autónomo/a ou unha micropeme.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vixente exercicio orzamentario.

BASE 12ª.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao/á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local e Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.



Concello de Vigo

3.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

4- As solicitudes avaliaranse dacordo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución provisional, na que se concretarán as solicitudes estimadas e as desestimadas con expresión da súa causa, facendo constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. Da devandita proposta darase audiencia aos interesados a fin de que no prazo de dez días poidan achegar as alegacións que estimen pertinentes.

Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor da beneficiaria ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

6- A Comisión de Valoración examinará as alegacións achegadas, e remitirá a acta coa valoración correspondente ao órgano instrutor, que formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **catro meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7- A resolución do procedemento notificarase aos/as solicitantes polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía.

Con independencia do medio elixido a efectos de notificación, o Concello enviará un aviso ao dispositivo electrónico e/ou dirección de correo electrónico do interesado que consten na solicitude, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8- Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio orzamentario.

BASE 13ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

O/A beneficiario/a, antes do **01/11/2017** ou no prazo de un (1) mes a contar dende o remate do aluguer, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha **conta xustificativa**, composta dunha **memoria de actividades** (co contido mínimo que se indica a continuación) e unha **memoria económica** na que deberá constar a declaración dos gastos incorridos, os xustificantes de pago dos gastos incorridos mediante facturas ou documentos de valor



Concello de Vigo

probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

• **Memoria na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:**

- Nome da empresa e NIF, ou identificación da persoa autónoma e DNI/NIE.
- Sector ao que pertence.
- Descrición da actividade empresarial (tamaño e organigrama da empresa, medios e recursos da mesma, produto/s ou servizo/s, segmento/s de mercado ao/s que vai dirixido, canles de distribución, etc).
- Importe do financiamento.
- Vida laboral actualizada por cada un dos/as empregados/as da solicitude; ou ben, Informe de Vida laboral do Código de conta de cotización da empresa onde figuren as persoas traballadoras coas súas datas de alta/baixa, ... na empresa; ou Informe de Datos de Cotización (IDC) de cada unha das persoas traballadoras.
- Memoria de prensa e comunicación (web, redes sociais, ...), onde describa os medios nos que se publicita ou interactúa cos clientes ou clientes potenciais.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web e redes sociais da entidade ou en calquera outra na que se difunda a subvención concedida, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo.

• **Memoria económica**, a cumprimentar segundo o **Anexo IX**, que deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, facendo constar o **nome de empresa**, o número de **NIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE).

As facturas, que serán **orixinais**, deberán recoller o **nome de empresa**, o seu enderezo, o número de **NIF**, a **data**, **número** de factura e o **IVE** e quedarán a disposición do Concello de Vigo (non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013).

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica, achegarán facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

- A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao

Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia da resolución de concesión das mesmas.

- A beneficiaria achegará unha declaración responsable na que declare que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

BASE 14ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse ao/a beneficiario/a un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da LPAC.

O persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 15ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

Os/as beneficiarios/as deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 16ª.- ABOAMENTO



Concello de Vigo

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e frónte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezcan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 17ª.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da conta xustificativa ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira.
- A achega de copias simples das facturas en lugar dos orixinais, para xustificar a subvención.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

No caso de que, por concorrenza de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE 18ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

BASE 19ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 20ª.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para



Concello de Vigo

o fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do Traballo Colaborativo” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG; a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (2018)

Primeiro. Obxecto.

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a autónomos e micropemes, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (*espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)*) dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018**. Están dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en entornas colaborativas ofertadas por terceiros na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custes de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

Segundo. Beneficiarias.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas autónomas e micropemes¹, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

Cuarto. Normativa e bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os pre-

¹ Empresa con unha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns

de euros.

ceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía das axudas.

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2018) é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:**

- As persoas xurídicas
- Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.

Xa que logo, **os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo** <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación.

O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao/á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.



Concello de Vigo

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local e Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Corréspondelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada do procedemento que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega).

A resolución do procedemento notificarase aos/as solicitantes polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía.

O prazo de resolución e notificación será de catro meses contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Oitavo. Criterios de valoración.

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado;***



Concello de Vigo

(.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao posto.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Concelleira de Normalización Lingüística, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 11/12/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/unha Técnica Media de Normalización Lingüística para o Servizo de Normalización Lingüística, supón un gasto de **18.855,41 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de 5.986,59 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:



Concello de Vigo

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. David Cobas Medín, con DNI **.***.453-H** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito de data 26 de outubro do actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade **ANTECEDENTES** da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Técnico/a medio de Normalización Lingüística, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Normalización Lingüística, contidas no escrito do 01/12/2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **18.855,41 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. David Cobas Medín, con DNI **.***.453-H**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do

soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do postos, sendo adscrito/a ó Servizo de Normalización Lingüística, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013..

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Concelleira de Normalización Lingüística, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

or acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. David Cobas Medín, con DNI **.***.453-H**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do postos, sendo adscrito/a ó Servizo de Normalización Lingüística, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013..

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Concelleira de Normalización Lingüística, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(34).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL 2002-GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, ENTRE GRAN VÍA E AVDA. ARQUITECTO PALACIOS”. EXPTE. 3559/443.

Visto o informe de fiscalización do 12/01/18, dáse conta do informe proposta do 10/01/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de decembro de 2016, entre outros asuntos acordou a aprobación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN A O CONCELLO DE VIGO DA “ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN” E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA “ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, NO TREITO ENTRE GRAN VÍA E A AVDA. ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 4152/440”. O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 30 de decembro de 2016.

O obxecto do citado convenio establece a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a financiación e a execución das obras precisas para a transformación e humanización da rúa Emilia Pardo Bazán entre a Gran Vía e a Avda. Arquitecto Palacios.

Entre as obrigas do Concello de Vigo, estipuladas na cláusula 2ª atópase, redactar e aprobar o/s correspondente/s proxecto/s de obra, debendo remitir un exemplar aprobado á Deputación Provincial, así como licitar, dirixir, executar, controlar e recibir as obras segundo os correspondentes proxectos técnicos.

II.- Mediante Decreto 20/2017, de 20 de febreiro, aprobouse o cambio de titularidade a prol do Concello de Vigo da Estrada Provincial EP-2002 Gran Vía-Avenida Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, tramo comprendido entre a Avenida de Madrid e a intersección coa Avenida Arquitecto Palacios (DOG núm. 40 de 27.02.2017), corresponden ao Concello de Vigo, o mantemento, conservación e explotación da citada vía.

III.- Os orzamentos municipais do ano 2018 recollen a aplicación orzamentaria 1532.619.00.10 "1ª Anua. Carretera Provincial (G.V. Arq. Palacios).

IV.- Para levar a cabo esta actuación a Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.09.2017 acordou *“Adxudicar a URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía – Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440) por un prezo total de 50.515,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.767,15 euros”*.

V.- O proxecto redactado pola Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, D. Julio Roberes de Cominges, conta cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS NVOENTA MIL SEISCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (2.890.688,26 EUROS) e data decembro 2017.

VI.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 21/12/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 21/12/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

VII.- A actuación, tal e como se indica no proxecto, se desenrola na rúa Emilia Pardo Bazán entre as rúas Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

– Como actuacións previas propónse o desmontaxe, retirada de farois de alumado, retirada da sinalización e mobiliario e barandas existentes levantado de pavimento e demolición de beirarrúas e bordos na totalidade das rúas obxecto de proxecto.

– En canto a saneamento propónse a renovación dos colectores existentes de fecais, e novos colectores de pluviais, con colectores de PVC, seccións segundo se determina no proxecto, renovación da rede de abastecemento existente con tubaxe de fundición dúctil, coas súas correspondentes válvulas todo elo previa excavación mecánica de gabias compactación de base, colocación das canalizacións e posterior recheo con material seleccionado.

– No que respecta ao pavimento, nas zonas de rodadura plantexa a substitución dos firmes previa compactación do terreo existente propónse a realización dunha subbase de zorra de 20 cm. Base de formigón HM-20 tamén de 20 cm. de espesor, e 10 cm. de mezclas bituminosas de 5cm. AC 16surf 50/70 e 5 cm. AC 22bin S. para as zonas peatonais, propónse Sub-base de zorra e base de formigón en masa HM-20 ambos de 15 cm. de espesor, capa de morteiro de agarre e formación de pendentos M-10 de 3 cm. de espesor e pavimento de lousas prefabricadas en formigón formato 60*40*6 cm. Serie PEPPER DE QUADRO, con acabado granallado ou similar, cantos vivos e cores a definir pola D.F. Nos accesos a os pasos de cruce coa zona de rodadura, plantexase como acabado pavimentos



Concello de Vigo

táctiles. Nos vados de acceso a o garaxes prevese unha sub-base de zahorra artificial de 15 cm, base de formigón HA-25, de 26 cm. De espesor con mallazo electrosoltado, capa de mortero de agarre M5 de 3 cm. De espesor e acabado con adoquín de granito Gris Piñor de 14*14*10, con acabado flameado. Nos espazos destinados a aparcamento proxectase como acabado un pavimento de formigón HA-25/9/20/IIa, con malla electrosoldada 15*15 Ø 8-8, 500T UNE-EN 10080, estendido e vibrado mediante fratasado mecánico con xuntas de dilatación.

– En canto a previsión de soterramento de conducións eléctricas e de telefonía, planexase previa a excavación a colocación de tubaxe de Polipropileno sobre subbase compactada cos seus correspondentes pozos de rexistro e arquedad de conexión.

– No que respecto a praza que comunica a rampa e escaleiras dede a Avd. Madrida coa rua Emilia Pardo Bazan proponse un acabado similar as zonas peatonais na zona da praza, e no que respecto as escaleiras proponse a renovación de peldaños prefabricados de formigón e a rampa existentes o seu acabado será en formigón visto en cores a definir pola DF coas súas correspondente barandillas

– Nas novas instalacións de Crosstraining que dispon de espazos para xogos infantís e biosaludables, plantexase unha actuación similara as zonas peatonales.

– Os acabados e diferenciación entre zonas de rodadura, peoniles e rampas de acceso a garaxe efectuaranse con bordos de granito gris piñor, asenado sobre morteiro de cemento.

– Plantexa unha plataforma elevada fronte a alameda existente e o novo parque de crosstraining. A que se efectuará a base de dunha subbase de zahorra de 20 cm. Base de formigón HM-20 tamén de 20 cm. de espesor, e 10 cm. de mezclas bituminosas de 6cm. AC 16surf 50/70 e 10 cm. AC 22bin S

– No que respecto o alumeado proponse a execución de nova canalización soterrada, coas sus correspondentes arquetas plantexando na rua Emilia Pardo Bazan luminarias sobre columna de 9 mts. De altura y luminaria tipo LINED 60L (ME-WIDE2) o similar, na plaza entorno do Corsstraining e escaleiras luminarias tipo ROUND 24M y L (VST) sobre columnas de 4 mts. de altura, plantexase o reforzo da iluminación nos curces peonis coa rúa a base de luminarias SLU UNED 36L(PX), ou similar sobre columna de 6 mts. De altura.

– Plantexase a renovación e reposición da sinalización así como a rede semaforica,

– Como acabado da rúa plantexase espazos para ubicación de xardiñeras e alcorques co seu correspondente rego automático, e en canto a mobiliario prevese a colocación de bancos, papeleiras, pilonas, barandillas de protección, e panel informativo con referencia a o personaxe que nomea a rúa.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 12 meses.

VIII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.Técnicas de Obras e Asistencia Técnica Municipal, asinan con data 27.12.2017 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aproba el texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público”

e polo “Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Legislativo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL 2002-GRAN VIA AVD. MADRID. RUA EMILIA PARDO BAZÁN, ENTRE GRAN VÍA E AVDA. ARQUITECTO PALACIOS”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. D. Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS NVOENTA MIL SEISCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (2.890.688,26 EUROS) e data decembro 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

17(35).-DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DA LICENCIA DE TAXI Nº 371. EXPTE. 1314/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/17, asindo pola xefa do Servizo de Transportes, a concelleira-delegada da Área e a secretaria do Goberno local, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O 29 de abril de 2014 D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO solicita a Transmisión da licenza de taxi nº 371 a nome de D. MARCOS RODRIGUEZ DAVILA, sendo esta rexeitada mediante informe desfavorable de data 18 de xuño de 2014, emitido polo Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da Xunta de Galicia, e rexistrado neste concello de Vigo o 29 de xuño de 2014.

O citado informe establece no seu punto 3º dos ANTECEDENTES, que o servizo de Mobilidade, unha vez examinado o expediente comproba que o titular da licenza que se pretende transmitir, D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO, foi titular de autorización interurbana de taxi nº 11639428, da serie VT, dende 13-11-2008 até 28-02-2013, data na que esta causa baixa por non proceder o seu titular á renovación da súa vixencia. Na actualidade, polo tanto, D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO, non é titular de autorización de transporte interurbana.

A vista do citado informe e na data 29 de xullo do mesmo ano, foi desestimada a solicitude de transmisión de licenza formulada polo titular D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO.

Na data 8 de setembro de 2016 remítese ó titular notificación pola que se lle require para que presente nun prazo de 10 días a tarxeta de Transportes en vigor, expedida polo Servizo de Mobilidade da Xunta de Galicia, que ate a citada dota non fora presentada no Concello.

En escrito rexistrado neste concello de Vigo na data 26 de setembro de 2016, o interesado aporta un escrito da Xestoría G. Carballo na que indica que se está tramitando a rehabilitación da citada tarxeta, afirmación que foi contrastada no Servizo de Mobilidade da Xunta de Galicia sen que fose presentado o xustificante da rehabilitación da tarxeta de Transportes.

O 28 de setembro de 2017 incóase expediente de DECLARACIÓN DE CADUCIDADE da licenza de taxi nº 371, da que é titular D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO, por carecer da Tarxeta de Transportes.

Notificado o interesado en data 25 de outubro de 2017 da citada incoación, preséntanse o 8 de novembro e en tempo e forma, alegacións nas que o interesado declara que ten solicitado da Xunta a resolución urxente do expediente iniciado por esta (aporta un escrito de 7 de novembro de 2017), sen aportar xustificante de Rexistro.

En oficio de 21 de novembro de 2017 (nº rexistro de saída **5590**), dirixido á Xefatura Territorial Pontevedra-Servizo de Mobilidade, solicítase certificación do estado do expediente incoado a D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO nese servizo, así como se expida certificado do Acordo adoptado polo servizo de Mobilidade, a efectos de seguir coa tramitación do expte. 1314/449.

O 15 de decembro de 2017 recíbese comunicación da Xefatura Territorial de Pontevedra-Servizo de Mobilidade, no que se indica que en data 8 de maio do presente ano díctase Re-

solución Denegatoria á solicitude de rehabilitación da autorización VT solicitada polo interesado D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO. A mencionada Resolución foille notificada o día 14 de xuño de 2017, non presentando recurso en prazo, polo que dita Resolución é firme en vía administrativa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando, que o artigo 4, punto 3, da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, di que as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante o procedemento coordinado de outorgamento regulado no artigo 16 da citada lei.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 5 da Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015 e publicado no BOP de data 11 de marzo de 2015 a prestación do servizo de taxi esta suxeita a previa obtención da licenza municipal de taxi e da autorización interurbana de taxi .

Considerando que o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxis na cidade de Vigo, establece que se declarara a caducidade das licencias, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento, circunstancia que se da no presente caso ó carecer o titular da licenza dun dos títulos que resultan necesarios para o seu outorgamento.

Considerando o disposto no artigo 4 da citada Ordenanza, é competencia da Xunta de Goberno Local o coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

Considerando que de conformidade co Decreto de delegación de competencias de data 19 de xuño de 2015 as competencias en materia de taxis corresponden á Concelleira Delegada da Area de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos .

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 49 da citada Ordenanza, poderase declarar a **caducidade da licenza municipal** por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento.

Polo até aquí exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO .- Declarar a caducidade da licenza municipal de taxi nº 371 da que é titular D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO por non ter habilitada a tarxeta de Transportes, séndolle notificada en data 14 de xuño de 2017, pola Xefatura Territorial de Pontevedra – Servizo de Mobilidade, Resolución Denegatoria á solicitude de rehabilitación, ditada esta o 8 de maio de 2017 e non presentando recurso en prazo, polo que dita Resolución é firme en vía administrativa e o titular carece dun dos requisitos necesarios para a validez da licenza.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo ó titular D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO requeriéndolle no prazo de 10 días, contados a partir da citada notificación, para que entregue nas oficinas do servizo de Transportes do Concello de Vigo (sitas na pranta 11 do Edificio Administrativo) a licenza municipal, e proceda a retirar todos os distintivos dos que dispoña o vehículo.

Unha vez entregado o solicitado, o interesado quedará privado do dereito á prestación de servizo de taxi na cidade de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

18(36).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RC-A CONTRA A RESOLUCIÓN DO XERENTE DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE QUE APROBA A “1ª LIQUIDACIÓN SEMESTRAL 2017 – RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA OS CENTROS DE DÍA XESTIONADOS A TRAVÉS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR”. EXPTE. 146526/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/01/18, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, e conformado pola concelleira delegada de Política Social e a titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O 13.07.2017 tivo entrada no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 170101153) escrito do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co que se achegaron as liquidacións correspondentes ó primeiro semestre de 2017 dos Centros de Día de:

- “Vigo-Teis” (Liquidación nº 244/2017: 35.000 € = 28 prazas x 1.250€/praza).
- “Vigo Coia” (Liquidación nº 270/2017: 86.250€ = 69 prazas x 1.250€/praza).
- “Vigo Valadares” (Liquidación nº 271/2017: 50.000€ = 40 prazas x 1.250€/praza).

I.2. Nesa comunicación anunciábase tamén que estaban a revisar as liquidacións correspondentes ós *“anos anteriores”* (non se concretaban) de acordo cos novos criterios económicos fixados na L.2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que se pretendería aplicar con carácter retroactivo e que nas vindeiras semanas remitirán ó Concello esas liquidacións nas que aplicarían unha bonificación equivalente á metade da cantidade resultante, coa posibilidade de fraccionar o pagamento en cinco (5) anos.

I.3. De acordo co Art. 69 desa L.2/2017, as cantidades que correspondería aboar por ese concepto ás Entidades Locais terán a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles e poderán ser obxecto de compensación coa súa participación no Fondo de Cooperación Local. Para determinar dita participación, a Lei remítese ó regulado no seu Anexo I, con efectos do 01.01.2017. As liquidacións serían expedidas semestralmente con indicación do número de usuarios e as cantidades aplicables e deberían ser aboadas no prazo de tres (3) meses.

I.4. Unha vez firmes aquelas tres liquidacións, o Sr. Xerente do Consorcio procedeu a aprobalas mediante Resolución do 08.09.2017, que foi notificada ó Concello o 18.09.2017 informando dos prazos e a forma de pagamento e con indicación de que, de non efectuarse voluntariamente, *“a débeda contraída poderá ser obxecto de compensación coa participación do Concello no Fondo de Cooperación Local...”*.

I.5. Segundo tamén se expresaba naquela notificación, contra a Resolución da Xerencia do Consorcio, que esgota a vía administrativa, cabía formular potestativamente o requirimento previo de anulación/revogación perante ese mesmo órgano no prazo de dous (2) meses ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do CA do TSXG (Art. 10.1.g] LRXCA).

I.6. O 22.09.2017 o Xefe de Área de Benestar Social remitiu ó Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda un informe dando conta dos anteriores feitos, manifestando o criterio do Servizo sobre o asunto e solicitando que dese as instrucións oportunas e, de ser o caso, instase a presentación dos recursos procedentes.

I.7. O 07.11.2017 recíbese no Servizo de Benestar Social a Instrucción de servizo do Concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data requeríndolle para que: *«...elabore e presente o recurso administrativo procedente, dacordo co indicado na notificación do Consorcio Galego, fronte a 1ª Liquidación semestral para o cofinanciamento dos centros de día e benestar que se atopan no termo municipal de Vigo. O devandito recurso terá como obxectivo esgotar a vía administrativa previa á xurisdiccional e deberá por de manifesto, ademáis das consideracións que o Servizo estime por razóns da súa competencia, a vulneración que supón esta pretensión de compensación á autonomía local recoñecida constitucionalmente (artigos 135, 140 e 142 da Constitución), á distribución de competencias (artigos 7, 25, 27 e 57 da LRBRL e artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local e ao equilibrio orzamentario que se deriva do disposto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, Lei Orgánica 2/2012 (artigos 3, 4, 5, 7, 8, 9 e 12)»*.

I.8. En cumprimento desa Instrucción elaborouse polo asesor xurídico da Área de Benestar Social o requirimento previo de anulación/revogación que, coa conformidade da Xefatura de Área e da Concelleira delegada, remitiuse para a súa aprobación polo órgano resolutorio competente.



Concello de Vigo

I.9. Así, en efecto, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 14.11.2017 acordou efectuar «...*REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DIA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 244/2017, 270/2017 e 271/2017]*» solicitando que, na súa virtude, «*se dicte outra pola que se deixen sen efecto as liquidacións aprobadas e a esixencia de pagamento contida naquela Resolución, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento*».

II. DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

II.1. A teor do Art. 44 da LRXCA (L.29/1998), o prazo de presentación do requirimento é de dous (2) meses desde o día seguinte á notificación das liquidacións e entenderase rexeitado se dentro do mes seguinte á súa recepción a Administración requirida nono respostase, quedando expedita a vía contencioso-administrativa.

II.2. O citado requirimento foi enviado a través do Rexistro xeral municipal o día 16.11.2017 (Saída nº 36716; Doc. nº 170159327) con copia electrónica auténtica do certificado do acordo da XGL. Figura no expediente de referencia o correspondente xustificante de presentación. Tamén consta a confirmación da súa recepción o 22.11.2017 no Rexistro xeral da Xunta de Galicia (achégase xustificación). Así as cousas, transcorrido o prazo de resposta ó requirimento, entendemos que procede adoptar agora o acordo de interposición do recurso contencioso-administrativo.

II.3. Considérase xustificada e conforme a Dereito a interposición de recurso contencioso – administrativo contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.09.2017 e dase por emitido polo Asesor xurídico adxunto da Área de Benestar social, nos termos recollidos neste informe-proposta, o informe xurídico previsto nos Arts. 54.3 do TRRL e 221.1 do ROF, segundo os que os acordos para o exercicio de accións necesarias para a defensa dos bens e dereitos das Entidades Locais deberán adoptarse previo ditame do Secretario ou, de ser o caso, da Asesoría xurídica e, en defecto destes, dun Letrado.

II.4. É competente para acordar da interposición deste recurso a Xunta de Goberno Local, segundo o previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015) de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Interpoñer recurso contencioso – administrativo contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DIA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 244/2017, 270/2017 e 271/2017] que lle foi notificada mediante oficio asinado polo técnico

contable do Consorcio o 11.09.2017, con entrada no Rexistro xeral municipal o 18.09.2017 (Doc. nº 170127535), con base nos mesmos motivos que serviron de fundamento ó requirimento previo de anulación/revogación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 14.11.2017, que debe entenderse rexeitado por ausencia de resposta en prazo.

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo e do expediente administrativo de referencia (Exp. nº 146526/301) á Asesoría xurídica municipal para os efectos indicados».

Con todo, a Xunta de Goberno Local, co seu superior criterio, resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(37).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez